

MATEMÁTICAS A ESCAPE

FRAGA MOREIRO, JOSÉ ANTONIO

C.P.R. Plurilingüe Luis Vives (Ourense)

A actividade “Matemáticas a escape” é un break out que realizamos nas aulas de sexto de Primaria do C.P.R. Plurilingüe Luis Vives de Ourense.

A aula péchase cunha cadea que ten un cadeado de catro díxitos, e o alumnado ten que “adivñar” a combinación para abri-lo. Para iso ten que conseguir unha serie de números que despois terá que ordenar para abrir o cadeado. Os números adquirense ao ir superando unha serie de probas e enigmas matemáticos que se lle envían ao dispositivo móbil que ten cada grupo. Cando resoven unha proba correctamente reciben a segunda, e así sucesivamente, ata resolver as catro.

Unha vez teñan os números dáselles a pista para que os ordenen correctamente.

O primeiro grupo que o consiga será o gañador da proba.

Podemos facer unha variante, se temos pouco tempo, no que cada grupo resolva un dos enigmas e, despois, entre todos, ordenen os números da combinación.

É unha actividade que se pode realizar na aula en calquera momento, e para demostralo, imos facela e, aínda que prescindiremos do cadeado, non de ordenar os números.

Para finalizar gustaríame compartir cos asistentes a esta comunicación os pensamentos, opinións e aspectos a mellorar.